

O INDIANO

Aquel vrau voltaron á parroquia moitos emigrantes.

Víaselles nas romerías lucindo zapatos coas biqueiras brancas.

Os que viñeran de Montevideo andaban xuntos, e xuntos os que de Buenos Aires.

Un home teixo e barbado andaba soio porque non atopaba ninguén que estivera canda él nas Américas.

Dixo que viña de Macondo.

Os outros indianos decían que non eisistía tal pobo.

O home teixo decidiu unha mañá misturarse coa iauga do río e deixou-me, pra que llos gardase, un trebello de cazar soños e un peixiño de ouro.

Ainda os teño, pro non sei empregalos...

PACO MARTÍN (Lugo, 1940). Mora na mesma.

Profesor de E.X.B.

Novela e conto: No cadeixo, Muxicas no espello, E agora cun ceo de lama.

Etnografía: O libro das adiviñas, Que cousa é cousa.

Textos varios para o ensino.